

## REGULAMENTO

### V ANDAINA SOLIDARIA CHANTADA CONTRA O CANCRO

1. **DATA, HORA E LUGAR:**

A V Andaina solidaria Chantada contra o cancro terá lugar o domingo, **26 de abril de 2026**, con saída e chegada en Sequeiras (*Adegas Condado de Sequeiras*), Chantada (Lugo). Darase a **saída ás 10:00 horas A.M.** dende as *Adegas Condado de Sequeiras*.

2. **PERCORRIDOS:**

Nesta quinta edición ofrecemos a posibilidade de facer **tres tipos de percorridos** distintos:

- **RUTA CURTA: 5 quilómetros (Dificultade baixa).** Ruta familiar, accesible para todo o mundo. Discorre toda pola ribeira.
- **RUTA MEDIA: 10 quilómetros (Dificultade media).** Ruta de maior duración e dificultade ca anterior. Discorre por ribeira e soutos.
- **RUTA LONGA: 20 quilómetros (Dificultade alta).** Ruta de maior duración e dificultade, para persoas con adestramento e experiencia neste tipo de desafíos.

3. **PARTICIPACIÓN:**

Para poder participar na V Andaina solidaria Chantada contra o cancro é preciso inscribirse.

O **número máximo de participantes é de 600 persoas, sen límite de idade.** Os menores deberán ir acompañados obrigatoriamente dun adulto responsable. O feito de inscribirse nesta Ruta implica a aceptación deste regulamento.

Os máis pequenos que non queiran realizar a ruta contarán cunha persoa que quede con eles na adega para realizar xogos adaptados para eles.

No caso de que para o día de celebración da Andaina as condicións climatolóxicas sexan adversas para a súa realización, a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data axeitada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.

4. **INSCRICIÓNS:**

- A través da páxina: [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

- No 'Mar & Bellota' + 'Número 13' + 'Hotel Mogay'

- **O prazo para inscribirse remata o xoves, 23 de abril de 2026 ás 23:59 h.**

**- IMPORTANTE: AS PERSOAS INSCRITAS PARA A ANTERIOR DATA CONTAN AUTOMÁTICAMENTE COMO INSCRITAS PARA A ANDAINA DESTE 26 DE ABRIL, SEN NECESIDADE DE NINGÚN OUTRO TRÁMITE**

5. **PREZO:**

A inscrición ten un custe de **5 euros por participante.** (Independentemente do percorrido que se elixa. Os tres custan 5 euros.)

**6. SAÍDA:**

Sairán autobuses dende as 9:00 h. A.M. da Praza de Galicia, e regresarán ao remate da Ruta ao mesmo punto.

**7. ENTREGA DO IDENTIFICADOR:**

A entrega do identificador alusivo á Ruta (chalecos) efectuarase o sábado, 25 de abril de 18:00 a 20:00 h. e domingo, 26 de abril, a partir das 8:00 h. na entrada do Auditorio Municipal de Chantada (Praza de Galicia). Será obrigatorio colocalo nun lugar visible tanto para subir no autobús como para facer uso de todos os servizos establecidos pola organización.

**8. SINALIZACION:**

O percorrido estará debidamente sinalizado e marcado.

**9. ACOMPAÑAMENTO CANINO:**

A organización non se fai responsable do incumprimento da normativa vixente en relación ao acompañamento canino no medio natural no que poidan incorrer as persoas participantes.

**10. RESPONSABILIDADE:**

O dispositivo de seguridade, avituallamentos e sinalización estará debidamente montado dentro do horario e percorridos da Andaina.

A organización responsabilizarase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de accidente por abandono do itinerario establecido, negligencia do participante ou que este se encontre fóra dos parámetros establecidos no punto 8.

A organización non se fai responsable das persoas que non se inscriban previamente nesta Andaina Solidaria.

A organización non se fai responsable dos obxectos de cada participante.

A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta *Andaina*.

**11. ASISTENCIA:**

A organización contará con persoal de asistencia ao longo do percorrido, varios voluntarios nos puntos estratéxicos e persoas pechando a Ruta co fin de que ningún participante se quede atrasado, pero non se fai responsable de quen voluntariamente abandone o percorrido establecido.

Os participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados e avisar á organización se alguén necesita axuda. **Poderán informar de calquera contratempo nos controis de paso, ao persoal da organización que estará ao longo do percorrido ou no número 641.452.742**

**12. AVITUALLAMENTOS:**

Disporase dun punto de avituallamento na ruta media e de dous na ruta longa. Ademais, haberá outro para todos os e as participantes ao rematar a Ruta na adega *Condado de Sequeiras* cun viño e uns petiscos.

É obriga de tod@s os participantes preservar o entorno evitando tirar lixo fora das áreas de control. RESPECTA O MEDIO AMBIENTE. NON TIRES LIXO AO CHAN.

**13. FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS:**

A inscrición nesta Ruta dá dereito á organización a poder facer uso das imaxes e vídeos do evento para a súa utilización, podendo publicalas en todos aqueles soportes de comunicación (folletos, carteis, artigos de prensa, vídeos, redes sociais...) que estime convinte para a dar a coñecer a proba.